



## CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520  
Teléfono: 988 486 000  
E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)  
<http://avion.sedelectronica.es>

### ORDENANZA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO, REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

#### **Artigo 1º.- Fundamento e Natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Avión establece a taxa pola prestación de servizos, realización de actividades e utilización das instalacións deportivas municipais.

#### **Artigo 2º.- Feito imponible**

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo público pola utilización das instalacións deportivas municipais.

#### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos desta taxa todas as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria que soliciten a utilización das instalacións deportivas a que se refire a presente Ordenanza.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. Para estes efectos se considerarán debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Agás precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria se estará ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º.- Cota tributaria**

A cota tributaria pola prestación dos distintos servizos será a seguinte:

- Pola utilización libre da piscina municipal establécese un prezo único de 3 euros por sesión.
- Pola utilización libre do ximnasio, aparatos e máquinas de ximnasia e sala de musculación establécese un prezo único de 3 euros por sesión.  
Enténdese por sesión a utilización nunha única data. O tempo efectivo de utilización dentro desa poderá limitarse en función das necesidades de aforo e uso das instalacións. En todo caso garántese a utilización mínima durante un período de 1 hora ininterrompida.
- Pola asistencia ás seguintes actividades de adultos con monitor:
  - Ximnasia: durante 3 días á semana e por un prezo de 15 euros ao mes.
  - Natación: durante 2 días á semana e por un prezo de 15 euros ao mes.
  - Pilates: durante 2 días á semana e por un prezo de 25 euros ao mes.
  - Spinning: durante 2 días á semana e por un prezo de 15 euros ao mes.
  - Pádel: durante dous días á semana comprendidos entre o luns e o xoves por un prezo de 15 euros ao mes.



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520  
Teléfono: 988 486 000  
E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)  
<http://avion.sedelectronica.es>

- Pola confección de táboas de ximnasio persoalizadas e con planificación e seguimento mensual: 5 euros ao mes.

- Pola asistencia ás seguintes actividades de menores con monitor:
  - Natación: durante 2 días á semana e por un prezo de 10 euros ao mes.
  - Natación para os alumnos do Colexio Público “Virxe de Guadalupe” de Avión, dentro das actividades do dito Centro: durante 1 día á semana e por un prezo de 5 euros ao mes.
  - Pádel: durante dous días á semana comprendidos entre o luns e o xoves por un prezo de 10 euros ao mes.
  - Taekwondo: durante 1 día á semana e por un prezo de 5 euros ao mes.
  - Deportes colectivos: durante 1 día á semana e por un prezo de 5 euros ao mes.

As actividades con monitor deberán respectar sempre os horarios establecidos para o uso libre da instalación de que se trate.

- Pola utilización libre da pista de pádel establécese un prezo único, sen necesidade de acender a iluminación, de 18 euros por sesión, equivalente a 6 sesións ordinarias aos efectos de aplicación dos bonos a que se refire o artigo seguinte, e de 24 euros por sesión, equivalente a 8 sesións ordinarias aos efectos de aplicación dos bonos, cando sexa necesario acender a iluminación.

Enténdese por sesión a utilización nunha única data. O tempo efectivo de utilización dentro desa poderá limitarse en función das necesidades de aforo e uso das instalacións. En todo caso garátese a utilización mínima durante un período de 1 hora ininterrompida, e 1,30 horas na pista de pádel

### **Artigo 6º.- Bonificacións e Exencións**

Sobre as cotas establecidas no artigo anterior se aplicarán, no seu caso, as seguintes bonificacións e exencións:

- Establecemento de bonos para a utilización libre das instalacións coas seguintes modalidades:
  - De 10 sesións: 15 euros.
  - De 20 sesións: 25 euros.Ao bono de 20 sesións engadiránselle 10 sesións máis sen custo adicional a todos os que estean empadroados no Concello de Avión. A estes efectos os interesados deberán acudir ás oficinas municipais para a acreditación de tal extremo.
- Carnés “Ouro” e “Prata”:
  - Carné “Ouro”: dará dereito á utilización de todas as instalacións e á asistencia a todos os cursos e actividades que se desenvolvan, con ou sen monitor, no mesmo mes con un prezo de 45 euros ao mes.
  - Carné “Prata”: dará dereito á utilización de todas as instalacións e á asistencia de todos os cursos e actividades que se desenvolvan, con ou sen monitor, no mesmo mes, agás á actividade de pilates, con un prezo de 37 euros ao mes.
- Aplicación de reducións para os menores de idade: nos prezos establecidos tanto nos apartados anteriores como no prezo de uso libre establecido no Artigo 5 da presente Ordenanza:
  - Menores de 0 a 3 anos: 100 % de redución.
  - Menores de 3 a 18 anos:
    - 50 % de redución para o primeiro da mesma casa.
    - 75 % de redución para o segundo da mesma casa.
    - 100 % de redución para os demais menores que haxa na mesma casa.



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520  
Teléfono: 988 486 000  
E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)  
<http://avion.sedelectronica.es>

A estes efectos deberán presentar o documento que acredite o vínculo familiar de todos os menores sobre os que se soliciten estas reducións.

- Réxime especial para os usuarios do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”:
  - Todos os residentes no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” terán a entrada libre ás instalacións.
  - Todos os abonados mensuais aos distintos servizos do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” terán dereito a un bono gratis de 5 sesións mensuais.
  - Os usuarios do servizo de fisioterapia do Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” poderán facer uso do servizo de fisioterapia acuática co recibo de pago do servizo normal do Centro.

A estes efectos os interesados deberán tramitar estas bonificacións no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus”.

### **Artigo 7º.- Remuneración**

Se devengará a taxa e nacerá a obriga de contribuír dende o momento no que se solicita a prestación de calquera dos servizos que se regulan nesta Ordenanza.

### **Artigo 8º.- Normas de xestión**

O ingreso das cotas ou abonos establecidos na presente Ordenanza se realizará por réxime de autoliquidación, en virtude do artigo 27.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, podéndose xestionar polo sistema de tiquet, entradas, tarxetas ou calquera outro documento ou mecanismo que se habilite ao efecto e se solicite nos puntos de venda correspondentes.

### **Artigo 9º.- Infraccións e Sancións**

O documento ou soporte de acceso ás instalacións a que se refire a presente Ordenanza é de carácter persoal e intransferible. O mal uso destes dará lugar ás seguintes sancións:

- A utilización fraudulenta dos documentos de abono para permitir o acceso a unha persoa distinta ao seu titular dará lugar á expulsión das instalacións da persoa que entrou irregularmente e, de seguir nelas, ao titular do bono así como a descontar do saldo deste, ademais da sesión na que se cometeu a infracción, dous máis.
- Se a utilización fraudulenta fora dun carné “Ouro” ou un carné “Prata”, ademais da expulsión das instalacións da persoa que entrou irregularmente, dará lugar á cancelación da vixencia do dito carné.

No suposto de reiteracións nas anteriores infraccións se aplicarán as seguintes sancións:

- De ser a primeira reiteración, prohibición de acceso ás instalacións a que se refire a presente Ordenanza no prazo de 1 mes. De ser a segunda infracción o prazo de prohibición de acceso será de 3 meses. De insistir nelas se poderá prohibir o acceso con carácter indefinido.
- As anteriores reiteracións de acceso ás instalacións reguladas na presente Ordenanza non darán ningún dereito ao reembolso das sesións aínda non consumidas do bono utilizado fraudulentamente, incluso no suposto de prohibición indefinida.
- As mesmas sancións previstas para o titular do bono ou carné serán aplicadas á persoa ou persoas que se beneficiasen desta actitude fraudulenta. Para esta persoa ou persoas les será tamén de aplicación a prohibición de entrada nas instalacións durante o prazo dunha semana previsto para a primeira infracción.



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)

<http://avion.sedelectronica.es>

- Pola utilización fraudulenta do documento ou soporte de entrada ordinaria a que se refire o artigo 5º. da presente Ordenanza para permitir o acceso a unha persoa distinta á que a adquiriu, ben sexa simultaneamente ou ben consecutivamente na mesma sesión, dará lugar á expulsión das instalacións da persoa ou persoas que entraron irregularmente así como, de seguir nelas, á persoa que adquiriu a entrada.

Ademais do anterior, a todas estas persoas prohibiráselles o acceso ás instalacións no prazo dunha semana.

No suposto de reiteracións na anterior infracción se aplicarán as seguintes sancións:

- De ser a primeira reiteración, prohibición de acceso ás instalacións a que se refire a presente Ordenanza no prazo de 1 mes. De ser a segunda reiteración o prazo de prohibición de acceso será de 3 meses. De insistir nelas se poderá prohibir o acceso con carácter indefinido.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 183 e seguintes e as disposicións que a desenvolvan.